

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### ARBO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO*

#### *ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA*

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, tras publicación de anuncio no BOPPO nº de data 25.02.2020, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo co fin de trasladar aos usuarios o aforro logrado coa bonificación do 10% no canon de tratamento de residuos de SOGAMA, adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 20.02.2020, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais:

“Engadirase unha disposición adicional do teor seguinte:

“Disposición adicional Terceira. Cando, por cumprirse as circunstancias previstas no número 3.bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a persoa titular da Consellaría competente en materia de residuos estableza unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, e o Concello de Arbo decida acollerse á dita medida, o importe equivalente ao da dita bonificación minorarase, de xeito proporcional, da cota tributaria que corresponda a cada un dos obrigados ao pago da taxa no exercicio da súa aplicación.

A redución terá efectos de 1 de xaneiro de 2020, facéndose efectivo o dereito á mesma e, polo tanto, practicándose sobre os recibos individuais do padrón do primeiro semestre do exercicio, ou, de non ser posible, no segundo semestre do exercicio.

#### *A N E X O :*

- \*Uso doméstico 26,92 €
- \*Bares, tabernas, cafeterías e similares (ata 60 m<sup>2</sup>) 32,39 €
- \*Bares, tabernas, cafeterías e similares ( de 61 ata 100 m<sup>2</sup>) 46,27 €
- \*Bares, tabernas, cafeterías e similares (de 101 ata 200 m<sup>2</sup>) 55,52 €



Martes, 16 de xuño de 2020

Núm. 114

- \*Bares, tabernas, cafeterías e similares (máis de 200 m<sup>2</sup>) 74,01 €
- \*Restaurantes e establecementos con servizos de comedor (ata 60 m<sup>2</sup>) 55,52 €
- \*Restaurantes e establecementos con servizos de comedor ( de 61 ata 100 m<sup>2</sup>) 69,39 €
- \*Restaurantes e establecementos con servizos de comedor (de 101 ata 200 m<sup>2</sup>) 92,52 €
- \*Restaurantes e establecementos con servizos de comedor (máis de 200 m<sup>2</sup>) 138,79 €
- \*Salas de festas, discotecas, pubs ou similares (ata 100 m<sup>2</sup>) 84,11 €
- \*Salas de festas, discotecas, pubs ou similares (de 101 a 200 m<sup>2</sup>) 168,22 €
- \*Salas de festas, discotecas, pubs ou similares (máis de 200 m<sup>2</sup>) 252,33 €
- \*Hoteis, fondas e outros por habitación e ano 9,25 €
- \*Entidades bancarias 462,61 €
- \*Clínicas e farmacias 92,52 €
- \*Despachos profesionais 92,52 €
- \*Locais comerciais, supermercados, tendas de alimentación e conxelados (ata 50 m<sup>2</sup>) 42,06 €
- \*Locais comerciais, supermercados, tendas de alimentación e conxelados (ata 100 m<sup>2</sup>) 84,11 €
- \*Locais comerciais, supermercados, tendas de alimentación e conxelados (ata 200 m<sup>2</sup>)  
168,22 €
- \*Locais comerciais, supermercados, tendas de alimentación e conxelados (máis de 200 m<sup>2</sup>)  
252,33 €
- \*Gasolineiras 252,33 €
- \*Ferreterías, industrias, almacéns e naves comerciais e industriais por m<sup>2</sup>: 0,5047 €/m<sup>2</sup>

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así mesmo, o texto desta modificación estará a disposición dos interesados na páxina web do Concello ([www.concellodearbo.es](http://www.concellodearbo.es)) e no portal de transparencia aloxado na sede electrónica deste Concello [<http://concellodearbo.sedelectronica.gal>].

O Alcalde, Horacio Gil Expósito. Documento asinado dixitalmente en data 11.06.2020.

